

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018631	CEP Xosé Neira Vilas	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

Nesta programación a educación musical e danza son concebidas cun criterio de globalidade onde o proceso de comunicación-representación constitúe o fundamento do tratamento pedagóxico.

O alumnado a través da música e danza son quen de dar forma á súa imaxinación, empregando o razoamento e a emoción. Participando en proxectos individuais e colectivos que contribúen á construción da identidade persoal e social.

A música e a danza son parte indispensable do patrimonio cultural, e fonte exquisita para coñecernos e para coñecer aos demais.

A presente programación poderá ser modificada para adaptarse ás actividades que se deseñen no marco do proxecto documental integrado do Centro. Deste xeito, algunhas das cancións e melodías previstas poderán ser substituídas por outras para conseguir unha maior motivación do alumnado e enriquecer o proxecto.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	VOLTAMOS AO COLE. UN MUNDO MOITOS INSTRUMENTOS	Esta unidade didáctica programada para a primeira sesión do curso. Coñecer o grupo-clase presentándonos e recoñecéndonos para desenrolar as súas capacidades afectivas basadas nas normas de convivencia; así como presentar a clase de música e seus contidos para este curso. Traballaremos o discriminación sonora: escoitando, imitando, recoñecendo e reproducindo os sons e súas cualidades. Así como valorar o silencio como elemento esencial do feito musical.	4	4	X		
2	MOVE A BATUTA. O MAGOSTO. AS REGUEIFAS.	Esta unidade didáctica programada como segunda do primeiro trimestre. Descubriremos as características dos compases binario e ternario. Exercitaremos a memoria e a audición de deseños rítmicos e melódicos interpretando coa voz e cos instrumentos P.A.I. Interiorizar pulso, ritmo e agónica mediante a interpretación de cancións tradicionais de oficios e do ciclo do ano.	14	4	X		
3	MÚSICA DESCRIPTIVA. RONDÓ DE NADAL	Esta unidade didáctica programada como terceira do primeiro trimestre. Utilizar diferentes instrumentos con hábitos adecuados de correcto uso interpretando as figuras: negra, corcheas e branca e o silencio de negra. Prepararemos un baile polo 25N. Para coñecer e respectar pezas herdeiras da tradición popular de Nadal.	15	5	X		
4	A TODO RITMO, BATUCADA! VOU DE RODA EN RODA	Esta unidade didáctica programada como primeira do segundo trimestre. Para descubrir o corpo como instrumento interpretar polirritmias. Coincidenos co DENIP. Descubrir as posibilidades motrices e expresivas do propio corpo no espazo, nas danzas, valorando e respectando as manifestacións artísticas doutras culturas.	15	4		X	
5	ENTROIDO! A ESCALA MUSICAL. SONORIZANDO	Esta unidade didáctica programada como segunda do segundo trimestre. coincide coa celebración do Entroido. Utilizar os instrumentos PAD interpretando fragmentos melódicos en notación musical convencional. Cantar a escala musical, recoñecela na escoita e escribirla no pentagrama ou colocar as notas noutros soportes como franelograma ou ordenador	18	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	ENTROIDO! A ESCALA MUSICAL. SONORIZANDO	en programas como Happy Note, Finale ou Encore. Traballaremos con poemas de Rosalía de Castro polo seu día. Recoñecer a música do seu contorno actual como evolución da Historia da Música.	18	8		X	
6	MÚSICA QUE COMUNICA. UN ANO DE ÉXITOS MUSAICAIS vol. 5	Esta unidade didáctica programada no terceiro trimestre. Asistir a un concerto didáctico previsto nas actividades xerais do curso para este grupo. Na semana da celebración do Día das Letras Galegas. Cantaremos cancións populares e bailaremos a danza de cintas. Aplicaremos todo o traballado anteriormente para crear unha produción musical por consenso do grupo que abrangas as máis salientables, formas musicais e de danza traballadas ao longo do curso de maneira que lle demos coherencia e calidade interpretativa.	34	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	VOLTAMOS AO COLE. UN MUNDO MOITOS INSTRUMENTOS	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Escoitar mostrando curiosidade polas músicas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	100
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Mostrar curiosidade polas propostas escénicas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias de recepción activa. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.

UD	Título da UD	Duración
2	MOVE A BATUTA. O MAGOSTO. AS REGUEIFAS.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais.	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son ou a imaxe.		
CA2.6 - Compartir os proxectos creativos musicais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir os proxectos creativos musicais, empregando algunha estratexia comunicativa.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso de producións escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. - Vocabulario específico de música.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
3	MÚSICA DESCRIPTIVA. RONDÓ DE NADAL	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identificar visual e auditivamente, elementos da música e da linguaxe musical.	TI	100
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso de producións musicais, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son ou a imaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario específico das artes escénicas e performativas. - O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.

UD	Título da UD	Duración
4	A TODO RITMO, BATUCADA! VOU DE RODA EN RODA	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas musicais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico destas.	Describir a diversidade das manifestacións musicais, explorando as súas características con interese.	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son ou a imaxe.		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas.	Describir manifestacións escénicas e performativas explorando as súas características con interese.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresar ideas ou emocións utilizando diferentes linguaxes e instrumentos artísticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo. - Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.

UD	Título da UD	Duración
5	ENTROIDO! A ESCALA MUSICAL. SONORIZANDO	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais.	TI	100
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Comparar manifestacións musicais do patrimonio de diversas contornas, analizando súas diferenzas e similitudes.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Comparar manifestacións escénicas do patrimonio de diversas contornas, analizando súas diferenzas e similitudes.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos escénicos e performativos empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir os proxectos creativos empregando algunha estratexia comunicativa explicando o resultado final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica. - Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración. - Elementos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

UD	Título da UD	Duración
6	MÚSICA QUE COMUNICA. UN ANO DE ÉXITOS MUSICAIS vol. 5	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións musicais.	TI	100
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresar ideas e emocións a través de manifestacións musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos.		
CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Traballar de forma cooperativa na consecución dunha produción musical asumindo roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións escénicas.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Traballar de forma cooperativa na consecución dunha produción escénica asumindo roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación aos principais xéneros musicais. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Recursos dixitais de uso común para música. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. - Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Estratexias Metodolóxicas

Na sesión de educación musical a metodoloxía rexirase polos principios de: actividade, significatividade, globalización, socialización, individualización, creatividade e actividade lúdica. Coa motivación do logro faremos que as aprendizaxes novas ademais de funcionais sexan alcanzables con éxito repercutindo no seu autoconcepto e autoestima. Combinando aspectos das principais correntes pedagóxico-musicais do s.XX: a educación vocal e canto de Kodaly, a euritmia de Dalcroze, a educación audiperceptiva e materiais sonoros de Willems e Murray-Schafer, a formación instrumental de Orff, as danzas populares e o musicograma de Wuytack e a técnica da improvisación de Martenot.

AGRUPAMENTOS

A construción da aprendizaxe é persoal, pero en interacción coas compañeiras e compañeiros. Dependendo da actividade a realizar. Nas de movemento en gran grupo con exercicios de prequecemento e desinhibición. Nas de toma de decisións, de interpretación e outras tarefas traballaremos en grupos máis reducidos, con diferentes niveis heteroxéneos que se enriquezan e noutras actividades agrupados homoxéneamente segundo o seu nivel.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos musicais
Discografía
Bibliografía
Encerado dixital interactivo con sistema de altofalantes
Ordenador

Materiais audiovisuais

Caderno de partituras e actividades Santillana

MATERIAL

Ten unha función motivadora, estruturadora da realidade, operativa, innovadora e determinante do tipo de relación que o alumno establece cos coñecementos. Implican responsabilidade do seu coidado, de repartilos e recollelos. Múltiples e variados, convencionais e non-convencionais, así como de creación propia elaborados polo alumnado con materiais diversos, destacando os de refugallo.

Os materiais para educación musical e danza serán: do centro, da mestra e do alumnado. Instrumentos musicais, discografía, bibliografía, encerado dixital interactivo e materiais audiovisuais. Así como o caderno de partituras e actividades Santillana.

ESPAZOS

A aula distribuirase en tres espazos: zona de movemento, a máis ampla; zona para o instrumental Orff que permite simultanear actividades diferentes que se complementan: tocar e cantar, tocar e danzar. E zona de traballo escrito que permita unha postura cómoda mentres escribimos nas fichas de audición, linguaxe musical e anotacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O procedemento para a avaliación inicial será observación directa e análise das producións do alumnado.

Durante o primeiro mes do curso realizarase unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	14	15	15	18	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Recollidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, aprobados en claustro e publicados na Concreción Curricular do Centro.

Desempeño competencial, 75%, a través das actividades propostas na clase (rematadas, limpas, orde), rendemento, material e tarefas de casa (fruta, caderno, tarefas devoltas en tempo, limpas, rematadas), así como actitude cara ao traballo e convivencia, 25%.

A ponderación das avaliacións trimestrais para obter a nota da ordinaria é: primeiro trimestre 33%, segundo trimestre 33% e terceiro trimestre 34%

Cómpre aclarar neste apartado que por Actitude e Convivencia, non nos referimos a comportamento e/ou conductas reguladas mediante NOFC, Lei 4/11 e D8/15 de Convivencia (o comportamento non é avaliable), senón que este apartado se refire ao establecido na concreción curricular do centro sobre motivación, interes, participación..., observable nos criterios do currículo. como "mostrar actitude de...", "traballar de forma cooperativa", "expresar actitudes positivas cara...".

Criterios de recuperación:

A avaliación é continua, global, formativa e integradora de todas as áreas.

6. Medidas de atención á diversidade

Segundo a orde de 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade teranse previsto medidas presididas polo que represente un maior beneficio para cada alumna e cada alumno.

- Medidas no referido aos obxectivos e contidos: reducíndoos, ampliándoos ou eliminándoos. Matizacións ou priorizacións en función das peculiaridades do alumnado. Seleccionándoos segundo o lugar que ocupan na estrutura da área e segundo a súa adecuación ao momento de desenvolvemento do alumnado.

- Medidas na metodoloxía e organización: seleccionando a máis axeitada e funcional segundo o contexto e dispoñibilidade dos recursos.

- Medidas que adapten as actividades: reforzando ou ampliando o traballo cos contidos de expresión instrumental e vocal, movemento e dramatización, audición, ritmo, creatividade, construción de instrumentos... favorecendo a colaboración e o respecto.

- Medidas no referido aos materiais e recursos: escollendo os necesarios e funcionais. Se é preciso adaptalos.

No desenvolvemento das sesións, teremos en conta as diferenzas individuais, escollendo os fragmentos de interpretación instrumental máis axeitados para cada quen e axudando, tanto na interpretación como na realización doutras actividades da aula, a aquel alumnado que máis o precisa. Na execución instrumental, esixiremos distintos graos de axuste, velocidade, matices e memoria. Así mesmo, teremos previstas actividades de ampliación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Expresión oral	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual						X
ET.4 - Educación cívica e constitucional			X	X		
ET.5 - Educación para a saúde		X				
ET.6 - Igualdade de xénero				X		
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Consumo responsable						X
ET.9 - Desenvolvemento sustentable	X	X				

Observacións:

Con un carácter transversal, traballarase en todas as áreas: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC, o emprendemento e a educación cívica e constitucional. Temas transversais tales como: a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico da E-trad Vigo	Asistir a un concerto didáctico dos mestres da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional en Vigo.		X	
Concerto didáctico da escola da agrupación musical de Vincios	Recibir un concerto didáctico dos mestres e músicos da Banda xuvenil e da banda Agrupación musical de Vincios (son as Bandas do Concello de Gondomar).			X
Concerto didáctico de Ártur Puga e Xurxo Terrible.	Recibir un concerto didáctico de folclore galego. Achegamento ao instrumental e repertorio tradicional.			X

Observacións:

Refírense ás visitas, lecturas, traballos que complementan a actividade escolar e que hai que ter previstas. Tamén son actividades de carácter xeral as actividades didácticas complementarias en horario lectivo propostas e organizadas polas distintas dinamizacións do Centro: O Magosto, 25N, 3/12 discapacidade, DENIP, Entroido, Día de Rosalía, 8M, Día da Poesía-prensa-do libro e dereitos de autoría, Letras Galegas e 5/06 Medioambiente. Son parte da programación pero con un carácter diferenciado polo momento, espazo, ou recursos, nas que o centro implícase ao completo reunido a todo o alumnado reforzando a continuidade das propostas que nas titorías vertebran os eixes de traballo.

Dende educación musical tamén se traballará no marco do proxecto documental integrado do Centro, según proposta do equipo de biblioteca.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Secuencia actividades. Reflexionar se a secuencia de actividades en cada sesión é adecuada.
Metodoloxía empregada
Emprego das TIC. Valorar se foron as apropiadas, suficientes e necesarias.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Recursos. Valorar se foron os apropiados, suficientes e necesarios.
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade. Recoller información para valorar a atención individualizada.

Clima de traballo na aula
Motivación alumnado. Recoller información para valorar a conexión da programación cos seus intereses.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Temas transversais e carácter interdisciplinar. Recoller información para valorar a integración na programación.

Descrición:

O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe.

Na sesión trimestral de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Clima de traballo na aula.
- b) Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
- c) Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- e) Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O ciclo: programación-planificación-acción-avaliación é vital para axustar o proceso de ensino-aprendizaxe. O seguimento e avaliación desta programación, permitirá incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo en función das necesidades reais.

Adoptaranse medidas para a modificación desta programación dende o momento en que se identifiquen diferentes necesidades (pouca adecuación dos tempos ou das actividades, conexión cos gustos e preferencias do alumnado), para garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Realizarase seguimento da programación recollendo o grao de cumprimento do planificado, xustificación das desviacións e propostas de modificacións e melloras. Esta información será valorada polo equipo docente do nivel con frecuencia mensual. E para isto utilizarase a aplicación informática de programacións que dispón a Consellería.

9. Outros apartados